

Manuel Puente

Buenos Aires Junio 26 de 1961

Señor Don
Luis TOBIO

MONTEVIDEO-URUGUAY

Meu querido Don Luis:

Acaba de chegarme a sua data 21 corrente e aproveitando que o noso amigo CANABAL viaxa hoxe para ahí, envíolle a carta datada o 17 do corrente que non levou o conocido de ABRAIRA.-

Mándolle un sobre con fotos etc, entregadas a PRADA por SEOANE ; e todo o que lle deu con encárrago de llas devolver-creo que apenas si lle servirán alguhas;-estamos ocupándonos de conseguir outras, pois un tal HERMIDA trouxo uha película de Galiza e dícame que tamén ten fotos-e un aficionado Cineasta de La plata tamén fai algúns anos espuxo boas fotografías, estamos ocupándonos de buscarlas e mandarllas dentro uns dias ; O patronato de Turismo Español dicen que ten boas postales de Galiza, aquí non poidemos conseguir nada, ¿ poderia vostede ver si a representacion de ahí lle facilita algo ?.-

Tamén lle recomendo ver entre os dibuxos etc, de Xoaquín LORENZO que me parece recordar a existencia de algo axeitado.-

Alégrome saber que xa comenza a correxir as probas da imprenta do primeiro, tomo.-

Esperando poder mandarlle dentro poucos dias outras fotos-envíolle uha aperta,

S

P.D.

A dirección de Del Riego es la misma que Ud anota Progreso 12 - 5º Izquierda, VICO.-